

Este sitio usa cookies propias e de terceiros para desenvolver información estatística e amosar publicidade relacionada coas súas preferencias mediante a análise da súa navegación. [Mais detalles](#) >



Montse Prado pide explicacións á Sanidade sobre os pagos de farmacéuticas ao responsábel de pediátría do CHUS



Montse Prado

Lamentou que o Xerente do Sergas declinara responder ás preguntas do BNG sobre a relación de Martín Torres coas farmacéuticas que promocionaban vacinas contra a meningite B

03 OUT. 2019 - 17:17

Este sitio usa cookies propias e de terceiros para desenvolver información estatística e análise de publicidade relacionada coas súas preferencias mediante a análise da súa navegación. [Mais detalles >](#)



A deputada do BNG, Montse Prado formulou hoxe unha pregunta ao goberno na comisión de sanidade sobre “o cobro de honorarios” do pediatra Federico Martínón, xefe do servizo de Pediatría do CHUS, por parte de farmacéuticas que promocionaban vacinas contra a meninxite.

Para a deputada, o goberno debe explicar como un profesional nomeado pola Xunta para ocupar un posto relevante cobra das farmacéuticas. Na súa opinión, se está a producir un “conflito de intereses” pola súa vinculación e responsabilidade na investigación destinada a nenos e nenas ademais de estar considerada unha das voces públicas á hora de defender a idoneidade da aplicación da vacina da meninxite B.

Tras a intervención do xerente do Sergas, Fernández Campa declinando responder ás cuestións formuladas pola nacionalista, Prado preguntou se o PP está protexendo a Federico Martínón e a súa relación coas farmacéuticas propietarias da devandita vacina.

A parlamentaria do BNG lembrou que o pasado 16 de xullo un medio de comunicación facía pública unha información co título “Investigadores de centros públicos cobran ‘honorarios’ das farmacéuticas cuxas vacinas promocionan”. A nova do xornal afirmaba que o pediatra Federico Martínón Torres, cobrou miles de euros de farmacéuticas cuxas vacinas para a meninxite promocionaban mentres o Ministerio de Sanidade debatía a incorporación ao calendario oficial, e ao tempo que a Axencia Española do Medicamento permitía a súa comercialización en farmacias.

A Axencia do Medicamento, engadiu a nacionalista tomou a decisión de converter Bexsero de GSK en produto de acceso en farmacias e a tetraivalente de Pfizer. No 2019 as dúas vacinas pasaron ao calendario oficial a partir dos 12 anos implicando o seu financiamento público e

Este sitio usa cookies propias e de terceiros para desenvolver información estatística e amosar publicidade relacionada coas súas preferencias mediante a análise da súa navegación. [Mais detalles](#)

miles de vendas. Neste sentido, a deputada manifestou que a información apuntaba a que o pediatra Martín Torres ingresou 71.800 euros de Pfizer, 24.500 de GSK, 29.474 de MSD e 23.231 de Sanofi.

Prado lembrou que información produce nun contexto no que o Partido Popular foi dando pasos para ceder o I+D+i do Servizo Galego de Saúde ao ámbito privado, de maneira que tanto as industrias sanitarias como as farmacéuticas privadas sexan as principais fontes de financiamento das actividades e instalacións, e polo tanto teñan o control de organismos estratéxicos como ACIS, Axencia de Docencia, Formación, Investigación, Innovación e Avaliación de Tecnoloxías e Servizos Sanitarios, e a Axencia Galega de Sangue e Tecidos.

Para a deputada resulta unha evidencia que a Consellaría de Sanidade e o PP crearon a ACIS, Axencia galega do Coñecemento en Saúde, e a Axencia Galega de Sangue e Tecidos, para dar cabida á “colaboración público privada” e transferir o coñecemento do sector público á empresa privada. Neste sentido reclamou a “integración das fundacións de investigación ao sector público” coa preceptiva rendición de contas.

Ante a negativa de Fernández Campa a responder, a deputada do BNG volveu a preguntar pola opinión do Goberno sobre a información do cobro de “honorarios” por valor de miles de euros da industria farmacéutica deste profesional con tantas responsabilidades na sanidade pública galega e que accións emprenderá para clarificar a situación porque de non iniciar ningunha medida, afirmou, o Goberno galego demostrará que “avala” o proceder “irregular do pediatra Federico Martín”.

Este sitio usa cookies propias e de terceiros para desenvolver información estatística e amosar publicidade relacionada coas súas preferencias mediante a análise da súa navegación. [Mais detalles >](#)



[AFÍLIATE](#) [AVISO LEGAL](#)

Bloque Nacionalista Galego

Avda. Rodríguez de Viguri, 16 baixo
15703 Santiago de Compostela
GALIZA
CIF: G32014003
Correo: sedenacional@bng.gal
Teléfono: 981555850

